

NOME E APELIDOS: _____

Responde ás seguintes cuestións:

PREGUNTA 1. A sustentabilidade do medio físico en España. (2,5 puntos)

Analice e relacione a seguinte nova e imaxes:

(Orientacións: tipo de documento, fenómeno/tema que representa ou ao que fai referencia, características, causas e consecuencias de dito fenómeno. Conclusión na que se relacionen os tres documentos...)

La Tribuna de Albacete


Las DANA se van, pero la sequía se queda en Albacete

E.F. - domingo, 8 de octubre de 2023

El año hidrológico 2023-2024 empieza con una importante falta de lluvias, a pesar de las tormentas de septiembre



La DANA que barrió la pedanía de Cilancos, en Villatoya, se llevó por delante todos los cultivos que se encontró a su paso. - Foto: R.S.





Doñana 2021/2022

PREGUNTA 2. O relevo español: Debuxos e gráficos con tipos de modelado. (2,5 puntos)

Observe o gráfico e responda:

- a) Nomee as unidades do relevo sinaladas na figura 1 .
- b) Identifique o tipo de modelado da figura 2 e a que área litolóxica pertence.
- c) Completa os elementos enumerados do 1 ao 4 na figura 2 con algún dos seguintes termos:
Domo.-Cooda de lava.- Lapiás.- Depósito piroclástico.- Pedra cabaleira.- Dolina.- Cráter principal.- Canón.- Tor.-Cono adventicio.- Sima.- Caos de bólas.




Figura 1





Figura 2

PREGUNTA 3. A diversidade climática en España. Comentario de mapas metereolóxicos (2,5 puntos)

Figura 1



Analice o documento seguindo as seguintes cuestións:

- Identifique os centros de acción, as frentes e a súa localización (a grandes trazos).
- Explique que tipo de tempo cabe esperar nas comunidades de **Galicia** e de **Canarias**.

PREGUNTA 4. Vocabulario xeográfico específico. (2,5 puntos).

Defina tres dos seguintes conceptos. Aporte, se procede, un exemplo significativo da España actual.

Ortofoto

Cordilleiras de pregamento

Marisma

Cunca sedimentaria

Aluvión

Zócolo

Ría

RÚBRICA. INDICADORES PARA A MÁXIMA PUNTUACIÓN.

Coñecementos

Pregunta 1:

- As respostas axústanse ao requerido.
- Interpreta con rigor os documentos e relaciónaos cun tema/fenómeno/os. Identifica causas e consecuencias correctamente. Utiliza termos técnicos propios da Xeografía.
- Establece conexións entre os documentos, fenómenos e contextos (climático, económico, ambiental...). Avisa comprensión das consecuencias visibles nas imaxes.
- Explicita a importancia e frecuencia deste/es fenómeno/os na península ibérica. Aporta datos, exemplos actuais e referencias precisas

Pregunta 2

- Identifica correctamente as unidades de relevo e as partes do gráfico. Identifica e explica o tipo de modelado e área litolóxica.

Pregunta 3

- Analiza de xeito correcto o mapa meteorolóxico, seguindo as indicacións.

Pregunta 4

- Define correctamente os termos.

Redacción

- Extensión (capacidade de síntese)
- A redacción é correcta, sen faltas de ortografía, e a argumentación coherente e o vocabulario axeitado.
- A resposta é precisa, detallada e ben estruturada. Hai referencias ao texto ou datos para enriquecer a explicación. As relacións están ben traídas cun uso dos conectores que enriquecen o discurso e converten a súa lectura en algo fluído e coherente

PREGUNTA 1. A sustentabilidade do medio físico en España (2,5 puntos)

Documento 1. A nova: “Las DANA se van, pero la sequía se queda en Albacete”

O documento 1 recolle un fragmento dun artigo de prensa. Esta nova sinala como, tras unha DANA que provocou chuvias intensas e localizadas, Albacete segue en situación de seca. Este feito ilustra un fenómeno cada vez máis frecuente en España: a sucesión de episodios de choivas torrenciais de curta duración seguidos de longos períodos de seca que teñen graves consecuencias.

Unha DANA (Depresión Aislada en Niveis Altos) é un fenómeno meteorolóxico no que unha masa de aire frío queda illada en altura sobre unha zona con aire máis cálido e húmido, provocando inestabilidade e precipitacións intensas en pouco tempo, ás veces acompañadas de tormentas e risco de inundacións. Son frecuentes na zona do levante Mediterráneo.

Por outra parte, as secas son tamén un fenómeno cada vez máis frecuente en España nas rexións de clima mediterráneo, pola escaseza de precipitacións anuais e a súa irregularidade. O **cambio climático** está intensificando a frecuencia de DANAs e, ao mesmo tempo, alongando os períodos secos.

Como consecuencia, prodúcese a perda de colleitas e empobrecemento do solo; a redución dos recursos hídricos, perda de cobertura vexetal. Podemos engadir o impacto económico nas actividades agrícolas e gandeiras, moi dependentes da auga.

Documento 2. Climograma de Albacete

O documento 2 mostra un climograma. Amosa **temperaturas medias anuais elevadas**, con máximos no verán (xullo-agosto) que superan os **25-26 °C**, e **precipitacións moi escasas**, arredor de **350 mm anuais**, concentradas no outono e na primavera. A amplitude térmica é de 19,5º o que nos fala de continentalidade.

A **curva de temperatura** mantense moi por riba das **barras de precipitación**, polo que o **índice de aridez é alto** durante a maior parte do ano.

Polo tanto, os datos indican un **clima mediterráneo interior ou continentalizado**, propio da Meseta Sur, con **invernos fríos e veráns moi calorosos e secos**. Este tipo de clima favorece a escaseza de auga e as secas prolongadas. As DANAs achegan chuvias intensas pero insuficientes e provocan inundacións e perdas agrícolas.

Documento 3. Imaxes de satélite Copernicus (Doñana)

Trátase de dúas imaxes satélite dos anos 2021 e 2022 que nos permiten ver as **consecuencias da seca no parque de Doñana** (un dos ecosistemas húmidos máis importantes de Europa). Se

comparamos ambas vemos como dun ano a outro as lagoas perden auga e redúcense moitísimo as zonas de vexetación.

Doñana atópase tamén baixo o **dominio do clima mediterráneo**, con escasas chuvias. O **cambio climático** intensifica e fai máis frecuentes as secas. Como consecuencia, a perda da cobertura vexetal é moi patente nas imaxes.

*Así pois, os tres documentos reflicten un **problema común no noso país: o aumento da frecuencia e intensidade de fenómenos extremos como as DANAs e as secas**. O clima mediterráneo, con precipitacións escasas e irregulares, unido ao **quecemento global**, está a provocar **secas máis longas e intensas**, especialmente no sur e levante peninsular.*